

**ACTA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, EDUCACIÓN,
PATRIMONIO HISTÓRICO, DOCUMENTAL E LINGÜÍSTICO**

A Comisión Informativa de Cultura, Educación, Patrimonio Histórico, Documental e Lingüístico réunese no Pazo provincial ás 12:25 h do día 20 de setembro de 2024, baixo a presidencia de, **D. JORGE CUBELA LÓPEZ** e a asistencia dos seguintes deputados e deputadas: **D. RAFAEL DOMÍNGUEZ ARTIME, D.ª M.ª ISABEL COUSELO TORRES** en substitución de D.ª LUISA MARÍA SÁNCHEZ MÉNDEZ, **D.ª BELÉN CACHAFEIRO ANTA, D.ª MARÍA PILAR RAMALLO VÁZQUEZ, D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO, D.ª MARÍA NAVA CASTRO DOMÍNGUEZ, D. JESÚS VÁZQUEZ ALMUÍÑA, D. JAVIER TOURÍS ROMERO** en substitución de D. MARCOS GUIASOLA PADÍN, **D.ª ANA LAURA IGLESIAS GONZÁLEZ, D. GREGORIO LUÍS AGÍS GÓMEZ** en substitución de D. CARLOS GÓMEZ PRADO, **D. PACO FERREIRA GONZÁLEZ, D.ª NURIA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, D. GORKA GÓMEZ DÍAZ, D. JAVIER IGLESIAS MOUGÁN, D. XOSÉ CESÁREO MOSQUERA LORENZO** e D.ª MARÍA ORTEGA IÑARREA, coa seguinte orde do día:

1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Non existe ningún reparo e apróbase por unanimidade a acta da sesión do día 6 de setembro de 2024.

2.- DAR CONTA DA CELEBRACIÓN DO XVII CONGRESO NACIONAL DE NUMISMÁTICA DO 12 AO 14 DE SETEMBRO NO MUSEO DE PONTEVEDRA, ORGANIZADO EN COLABORACIÓN COA SOCIEDADE IBEROAMERICANA DE ESTUDOS NUMISMÁTICOS (SIAEN) (Expte. 2023064195)

O presidente dá conta da celebración, do 12 ao 14 de setembro de 2024, da XVII edición do Congreso Nacional de Numismática, organizado polo Museo de Pontevedra en colaboración coa Sociedade Iberoamericana de Estudos Numismáticos. Baixo o lema "Numismática, que e para que? Xeración e transferencia de coñecemento", leváronse a cabo unha serie de mesas redondas nas que interviñeron representantes das principais institucións universitarias e doutras entidades do Estado, así como actividades paralelas, que consistiron nun acto de benvida cun concerto musical, un obradoiro infantil, unha visita guiada pola cidade a cargo de Turismo Rías Baixas e a inauguración, no Edificio Sarmiento, da exposición "O gabinete de Ricardo Blanco Cicerón: do coleccionismo ao museo". Rexistráronse 150 persoas asistentes e o gasto do Congreso sumou un total de 31.800,00 €.

3.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se produciron.

Non habendo máis asuntos que tratar e sendo as 12:30 horas do mencionado día, dáse por concluída a reunión, do que eu como secretaria dou fe.

